

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "EN RUTA COA DEPO" 2020**

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

Así mesmo, establécese que os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca unha nova edición do programa "En ruta coa Depo", dirixido a entidades sen ánimo de lucro e que lles ofrece alternativas de convivencia, ocio e tempo libre aos distintos colectivos sociais da provincia.

O catálogo do programa contempla a oferta de rutas específicas adaptadas aos seguintes colectivos: persoas con mobilidade reducida, familias e mocidade. Así mesmo, contéplase a reserva de prazas gratuítas destinadas a facilitar a participación de persoas en situación de risco ou exclusión social.

**BASES****Primeira. Obxecto**

"En ruta coa Depo" ten por obxecto a concesión dunha excursión dentro da provincia de Pontevedra a entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de fomentar o tecido asociativo á vez que promocioa e dá a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

**Segunda. Entidades beneficiarias**

Poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra.

As entidades terán a posibilidade de presentar a súa solicitude de forma conxunta, de acordo co establecido na base cuarta.

Só se concederá unha ruta por entidade e NIF, solicitada de forma individual ou conxunta.

**Terceira. Número de prazas**

Ofertarase un máximo de 20.000 prazas.

**Cuarta. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

4.1 As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos; se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda. En todo caso, se tal emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes esta deberá limitarse á presentación electrónica dos documentos achegados presencialmente, sen que se poidan engadir outros datos ou documentos ou rectificar os xa achegados.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e os certificados electrónicos (incluído o DNle).

4.2 O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles e comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

4.3 No suposto de que as prazas ofertadas non se cubran, esta institución provincial reserva o dereito para abrir un novo prazo de inscrición ou para ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades beneficiarias poidan solicitar unha segunda ruta.

4.4 As presentacións conxuntas deberán formularse nunha única solicitude. Neste caso, a entidade solicitante principal deberá presentar a solicitude e a documentación necesaria e indicar a outra entidade solicitante á que lle afectará a solicitude presentada.

#### **Quinta. Comprobación de datos**

Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Sexta. Documentación**

6.1 As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo do cargo da persoa representante da entidade (anexo II)
- Relación de persoas solicitantes de prazas gratuítas (anexo III), de ser o caso, segundo o establecido na base décimo cuarta

6.2 A documentación complementaria presentarse obrigatoriamente por vía electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentaron anteriormente. Para estes efectos, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirille á entidade interesada que o presente ou, no seu defecto, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

#### **Sétima. Notificacións**

7.1 As notificacións de resolucións e doutros actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e da Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde que a notificación se poña á disposición da entidade interesada sen que se acceda a esta.

7.2 O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

#### **Oitava. Publicacións de actos**

A relación de entidades admitidas e excluídas publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Así mesmo, será obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

#### **Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

9.1 Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectualos electronicamente a través do modelo "instancia xenérica" accesible desde a sede electrónica, <https://sede.depo.gal>.

9.2 No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou presente os documentos

preceptivos no prazo de 10 días hábiles e indicáraselle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

#### **Décima. Procedemento de selección**

10.1 A concesión destas subvencións realizarase por réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será a xefatura do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, con competencia para coñecer e resolver as solicitudes, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

10.2 A institución provincial establece a convocatoria de prazas do programa "En ruta coa Depo" 2020 no marco de actividades para entidades sen ánimo de lucro, que se outorgarán segundo esta orde de prelación:

- 1) Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas de discapacidade, familia, infancia e menores
- 2) Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas restantes
- 3) Entidades sociais que presenten a súa solicitude de forma conxunta
- 4) Outras entidades sen ánimo de lucro

Todas aquelas entidades que cumpran os requisitos anteriores e estivesen en lista de agarda no exercicio 2019 terán preferencia na adxudicación das rutas. Logo de ter en conta esta circunstancia a prelación será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

10.3 Unha vez cubertas as 20.000 prazas ofertadas, o resto das solicitudes quedará en lista de agarda.

10.4 No caso de solicitudes presentadas de xeito conxunto baremarase a entidade que conste como solicitante principal e establecerase a súa orde de prevalencia segundo os requisitos establecidos nas bases.

**Décimo primeira. Condicións do programa**

11.1 O programa consiste en pasar un día coñecendo os lugares sinalados na ruta asignada cunha persoa do equipo de guías, e inclúe o xantar e o transporte.

11.2 A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable da súa execución, coordinación e avaliación e que dispoñerá de persoal especializado, con atención telefónica ao público para consultar calquera dúbida que puidese xurdir.

11.3 Ofertarase un total de 32 rutas por lugares emblemáticos da nosa provincia, que se detallarán no modelo de solicitude.

11.4 Cada entidade poderá escoller, por orde de preferencia, tres rutas entre as ofertadas e sinalar o mes e o día da semana que prefire para realizar a actividade.

11.5 As rutas ofertadas e as súas características figurarán no catálogo que se publicará en [www.depo.gal](http://www.depo.gal). Non obstante, para obter máis información sobre as cuestións relativas ás características das rutas, as entidades sociais beneficiarias do programa poderán dirixirse á empresa adxudicataria.

11.6 Cada participante achegará a cantidade de 13,50 €, que cubrirá o desprazamento de ida e volta en autobús desde os puntos marcados nos seus concellos, a visita guiada por unha persoa habilitada como guía de turismo especializada de Galicia e o xantar (cada menú constará, polo menos, de dous pratos, sobremesa, café ou infusión e bebidas: auga e viño branco ou tinto), a excepción do xantar tipo pícnic admitido para as rutas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

O prezo que aboarán as e os participantes menores de 12 anos poderá ser inferior en función da oferta presentada pola empresa adxudicataria do programa.

O prezo non inclúe o pagamento da entrada na ruta 2. A empresa adxudicataria será a encargada de informar as entidades das tarifas que correspondan antes da data de cada unha das saídas.

11.7 Queda prohibido que as entidades lles cobren un prezo máis elevado ás persoas participantes (sexan ou non socias) que o fixado pola Deputación. As que o fagan serán sancionadas e non poderán participar na seguinte convocatoria do programa, sen prexuízo das responsabilidades legais nas que puidesen incurrir.

## Cohesión Social e Xuventude

11.8 Unha vez finalizado o proceso de inscrición a empresa adxudicataria poñerase en contacto coa persoa representante da entidade co fin de definir a ruta elixida e establecer a data para a súa realización; intentarase respectar na medida do posible a opción escollida en primeiro lugar e as datas preferentes.

Así mesmo, a empresa organizará polo menos dúas xuntanzas informativas comarcais coas entidades participantes, como mínimo cunha semana de antelación ao inicio do programa.

11.9 O horario das saídas coordinarase coa persoa representante da entidade solicitante principal ou, no seu defecto, con aquela na que se delegue esta función, que tamén será quen determine as paradas (dúas como máximo). As paradas deberán establecerse en espazos amplos onde os autobuses poidan entrar e manobrar para recoller as persoas participantes.

11.10 Nos autobuses irá unha ou un guía que informará das coberturas do seguro do programa e procurará resolver todas as dúbidas ao respecto.

11.11 Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicárselle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude desta institución provincial a través do correo electrónico [cohesionsocialxuventude@depo.gal](mailto:cohesionsocialxuventude@depo.gal).

11.12 As entidades poderán solicitar un mínimo dun autobús e un máximo de dous. O máximo de participantes será de 54 se só se solicita un autobús, e de 108 se se solicitan dous.

Non sairá ningún autobús se non se acada un mínimo de 50 participantes.

11.13 Para os colectivos de persoas con mobilidade reducida que precisen de cadeiras de rodas ou doutras axudas técnicas, as prazas por autobús serán, con carácter xeral, 34 (cun máximo de catro usuarias ou usuarios en cadeira de rodas por autobús).

Os autobuses estarán adaptados ás necesidades destas persoas. Debido ás súas características especiais as situacións particulares valoraranse individualmente, sempre e cando se xustifiquen e o Servizo de Cohesión Social e Xuventude o estime oportuno.

11.14 As e os menores de tres anos deberán viaxar en compañía dunha persoa representante ou titora legal. Ademais, deberán empregar un sistema de retención que estea debidamente homologado e que se suxeite de forma correcta ao asento.

11.15 Non se subvencionarán máis de dous autobuses co fin de poder atender todas as solicitudes.

#### **Décimo segunda. Obrigas das persoas participantes**

12.1 Cada menor de idade deberá ir en compañía dunha persoa representante ou titora legal.

12.2 As entidades solicitantes aboarán o prezo por persoa da forma que acorden coa empresa adjudicataria, preferiblemente mediante transferencia bancaria, que se realizará cinco días antes do inicio do programa, aínda que se permitirá calquera medio de pagamento admitido en dereito acordado entre ambas as partes sempre que quede constancia do pago efectivo, do número de persoas participantes (menores e adultas) e do nome da entidade.

A cantidade aboada á empresa adjudicataria só se reintegrará cando exista un motivo debidamente xustificado que lle impida asistir á persoa participante.

12.3 A entidade deberá designar unha persoa encargada das comunicacións coa empresa adjudicataria. O día da saída esta persoa representante, ou aquela en quen se delegue, deberá asinar un certificado de participación no que consten o nome da entidade, o número de participantes polo que se fixo o ingreso ou o pagamento por outros medios, o número de participantes finais que acudiron á saída e a data.

12.4 No caso de que a entidade teña prazas gratuítas asignadas deberá achegar a documentación esixida nas condicións establecidas na base décimo cuarta.

12.5 As persoas que viaxen con menores de tres anos deberán achegar os sistemas de suxeición homologados necesarios aos que se refire a base sétima.

12.6 No caso de que a entidade decida renunciar ao programa ou non teña a cantidade mínima de participantes esixida deberá comunicarllo ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico [cohesionsocialexuventude@depo.gal](mailto:cohesionsocialexuventude@depo.gal).

**Décimo terceira. Orzamento e financiamento**

13.1 A contía consignada para este programa é de catrocentos dezasete mil seiscentos (417.600,00) euros con cargo á aplicación orzamentaria 20/231.2311.227.07 do Orzamento da Deputación, para un total de 20.000 prazas.

13.2 A institución provincial non se compromete a garantir neste contrato un número mínimo de prazas, xa que a cantidade resultante dependerá do número de entidades que finalmente participen na actividade.

13.3 O programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas beneficiarias do programa aboarán 13,50 €
- A Deputación asumirá a cantidade restante, resultante do prezo de adxudicación
- Reservarase un total de 400 prazas gratuítas das que a Deputación asumirá a totalidade do custo

**Décimo cuarta. Gratuidade de prazas**

14.1 Para poder beneficiarse das prazas gratuítas (400), a entidade deberá acompañar a solicitude dunha relación das persoas que a integran (anexo III) e indicar o número delas que, por carecer de recursos económicos suficientes, non poden facerse cargo da achega de 13,50 € que lles corresponde (ou unha cantidade inferior, no caso de menores de 12 anos se a empresa adxudicataria ofertase un prezo máis baixo) e xustificar que estas persoas se atopan nas seguintes circunstancias: situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a persoa solicitante. Esta xustificación realizarase mediante o informe dunha traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais (anexo IV) ou da traballadora ou traballador social da propia entidade solicitante (anexo V).

14.2 No caso de que existan máis solicitudes que prazas terase en conta a orde de presentación da solicitude de cada entidade.

## Cohesión Social e Xuventude

14.3 Unha vez adxudicadas as rutas a cada entidade e o número de prazas gratuítas que lle correspondan, no seu caso, a entidade dispoñerá dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á súa notificación para remitirle o mencionado informe ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico [cohesionsocialxuventude@depo.gal](mailto:cohesionsocialxuventude@depo.gal).

14.4 No caso de que non se cubra o total das prazas gratuítas reservadas para as persoas en situación de vulnerabilidade, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

### **Décimo quinta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas e entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

**Décimo sexta. Publicidade**

16.1 Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

16.2 Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) o texto da convocatoria para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

16.3 De conformidade co artigo 31 do Regulamento da LXS, deberase facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore.

Para obter máis información sobre esta cuestión pode dirixirse ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico [cohesionsocialexuventude@depo.gal](mailto:cohesionsocialexuventude@depo.gal).

**Décimo sétima. Prazo de vixencia**

O programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

**Décimo oitava. Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Bases de execución e Orzamento provincial vixente